

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 24 de marzo de 2014**

**ASISTENTES:**

**NON ASISTEN:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta e cinco minutos do día vinte catro de marzo de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(258).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(259).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA E DO COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE “REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME EN DIVERSAS PARROQUIAS DO TERMINO MUNICIPAL DE VIGO” E “REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME EN DIVERSAS RÚAS NO NÚCLEO URBANO DO TERMO MUNICIPAL”. EXPTE. 70913/250.**

Dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro do Servizo de Vías e Obras, do 21.03.14, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Con data 29 de novembro de 2013 a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de adxudicar o procedemento aberto para a contratación das obras de “reforzo da capa de rodadura do firme en diversas parroquias do termino municipal de Vigo” lote 1 e lote 2”, expte 1950-440, resultando adxudicatarias as empresas:

Lote 1            Misturas S.A.  
Lote 2            Aberman Empresa Constructora S.L

Con data 10 de decembro de 2013 a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de adxudicar o procedemento aberto para a contratación das obras de “reforzo da capa de rodadura do firme en diversas rúas no núcleo urbano do termo municipal”, expte 2021-440, resultando adxudicataria a empresa:

Misturas S.A.

A coordinación de seguridade das obras aboarase con cargo ao expte 2301-440, RC 3211, “asistencia técnica de coordinación de seguridade e saúde, dirección ou seguimento das obras da Área de Fomento”, e será realizada polas empresas e obras que se indican:

- “Reforzo da capa de rodadura do firme en diversas parroquias do termino municipal de Vigo”, Lote 1, APPLUS NORCONTROL S.L.U.
- “Reforzo da capa de rodadura do firme en diversas parroquias do termino municipal de Vigo”, Lote 2, ENMACOSA
- “Reforzo da capa de rodadura do firme en diversas rúas no núcleo urbano do termo municipal”, APPLUS NORCONTROL S.L.U.

As empresas mencionadas designaron como coordinadores de seguridade e saúde ás persoas que se indican:

APPLUS NORCONTROL S.L.U.: Gustavo Martínez Rodríguez, enxeñeiro de minas.

ENMACOSA: Carmen Vázquez Rivas, enxeñeira técnica industrial e enxeñeira química.

Os pregos de prescricións técnicas que serviron de base no procedemento aberto para a contratación das obras, na cláusula 2, designa como responsable do contrato ao enxeñeiro xefe do servizo de Vías e Obras. Así mesmo, establece que o Concello de Vigo poderá designar ao responsable do contrato como Director Facultativo das obras.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. Nomear Director Facultativo das obras de “Reforzo da capa de rodadura do firme en diversas parroquias do termino municipal de Vigo”, lotes 1 e 2, e das obras de “Reforzo da capa de rodadura do firme en diversas rúas no núcleo urbano do termo municipal”, ao enxeñeiro de camiños D. Agustín Rodríguez Carballo, xefe do servizo de Vías e obras.

2. Nomear como coordinadores de seguridade e saúde, durante a execución das obras a

*D. Gustavo Martínez Rodríguez (empresa APPLUS NORCONTROL S.L.U) , enxeñeiro de minas, para coordinación de seguridade e saúdos da obras de “Reforzo da capa de rodadura do firme en diversas parroquias do termino municipal de Vigo”, lote 1 (expte 1950-440)*

*D. Gustavo Martínez Rodríguez (empresa APPLUS NORCONTROL S.L.U), enxeñeiro de minas, para coordinación de seguridade e saúdos da obras de “Reforzo da capa de rodadura do firme en diversas rúas no núcleo urbano do termo municipal” (expte 2021-440)*

*D<sup>a</sup> Carmen Vázquez Rivas (empresa ENMACOSA), enxeñeira técnica industrial e enxeñeira química, para coordinación de seguridade e saúdos da obras de “Reforzo da capa de rodadura do firme en diversas parroquias do termino municipal de Vigo”, lote 2 (expte 1950-440)*

*Do presente acordo daráselle traslado ás empresas adxudicatarias das obras, MISTURAS S.A. E ABERMAN EMPRESA CONSTRUCTORA S.L., e aos coordinadores de seguridade e saúde, Gustavo Martínez Rodríguez da empresa APPLUS NORCONTROL S.L.U e a Carmen Vázquez Rivas da empresa ENMACOSA.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.